

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE IA NO ÁMBITO SANITARIO 2025

No BOE de data 31 de outubro de 2025 publicouse a Orde TDF/1213/2025, do 14 de outubro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á realización de proxectos de desenvolvemento experimental que impulsen a adopción da intelixencia artificial no ámbito da saúde, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2025, no marco do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública.

Estas axudas teñen como finalidade subvencionar proxectos de desenvolvemento experimental que impulsen a adopción da intelixencia artificial no ámbito da saúde.

Os proxectos terán como obxecto a **experimentación nunha contorna con datos reais de solucións baseadas en intelixencia artificial** que dean resposta a casos de uso en ámbitos como:

- **procesos asistenciais** (predicción, prevención, diagnóstico, tratamento, atención e seguimento).
- **a investigación clínica, biomédica e farmacolóxica**
- **a xestión dos sistemas sanitarios**
- **situacións de emerxencia sanitaria e saúde pública.**

Así mesmo, os proxectos deben incluír entre os seus obxectivos a demostración, validación ou certificación nunha contorna con datos reais que permitan verificar o impacto do prototipo de produto obxecto do proxecto.

A **dotación total** da convocatoria é de **50.000.000,00.-€**. Pondendo obter unha axuda mínima de 400.000,00.-€ e axuda máxima de 5.000.000,00.-€ por proxecto presentado e límite por beneficiario.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **3 de novembro de 2025 ata o 5 de xaneiro de 2026 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á Orde de bases e á convocatoria, e as fichas resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Orde de bases e convocatoria de axudas para proxectos de IA no ámbito sanitario

Fichas resumo da convocatoria RedIA 2025